



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O artigo 115 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas establece como competencia municipal na materia o mantemento das praias nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade.

Segundo o artigo 19.2 Lei 3/2017, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do estado para o ano 2017, na actualidade prorrogada *No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.* Segundo o 19.4 *La contratación de personal laboral temporal y el nombramiento de funcionarios interinos y de personal estatutario temporal, en las condiciones establecidas en el apartado Dos de este artículo requerirá la previa autorización del Ministerio de Hacienda y Función Pública.*

Efectuada a solicitude previa de autorización ao Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas o anterior ano 2015 para iniciar os procesos selectivos de persoal que puideran ser susceptibles de dita autorización previa, recibíuse resposta na que textualmente dicía: *“corresponde a la potestad de autoorganización y capacidad de decisión de esa Entidad Local la evaluación de las necesidades de la contratación ...en tanto que o referido apartado 4 no ten carácter básico segundo o apartado 7 do mesmo artigo”*.

Polo tanto, considérase por esta alcaldía que a contratación de peóns de limpeza para a praia de Caión e outras tarefas, é unha necesidade urxente e inaprazable, que afecta ao funcionamento dun servizo público.

A Deputación provincial da Coruña publicou a concesión definitiva das subvencións o día 30 de maio de 2018 no BOP nº 101, outorgándolle a este Concello da Laracha unha axuda de 23857,38€ para a contratación de cuadrillas de peóns para a campaña de limpeza de praias 2018.

Teño interés en que a cuadrilla a formen nove peóns con contrato de obra/servizo, persoal laboral temporal, a xornada parcial.

En cumprimento do previsto no artigo 15.1. do Texto Refundido da Ley del Estatuto de los Trabajadores





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local  
**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aplicar ao presente procedemento a tramitación de urxencia de conformidade co artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**SEGUNDO.-** Aprobar as Bases de selección que se anexan, para a contratación laboral temporal mediante contrato de obra ou servizo determinado de nove peóns de limpeza de praias durante tres meses a tempo parcial

**TERCEIRO.-** Publicar o anuncio das Bases aprobadas no TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA WEB MUNICIPAL. Publicarase igualmente na sede electrónica.

**“BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL URXENTE DE NOVE TRABALLADORES PARA CUADRILLAS DE LIMPEZA DE PRAIAS – 2018**

**1º.- Obxecto da convocatoria.-**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo parcial, baixo a modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, de 9 peóns, para formar cuadrillas de limpeza de praias e rexeranse polas presentes bases.

Co fin de que o areal de Caión estea nas debidas condicións de limpeza diaria para o correcto uso polos visitantes, é preciso que no presente ano conte co servizo de limpeza diaria, tal como se realizou en anos anteriores e dos que se obtiveron bos resultados e gran aceptación por parte dos veciños e dos usuarios da praia. No presente ano 2018 consideramos necesario contar con cuadrillas de limpeza durante a época de verán para efectuar diariamente a limpeza das zonas do areal e así ofrecer aos usuarios unha condicións óptimas para o baño: libres de algas, residuos, etc.

**2º.- Requisitos dos aspirantes.-**

Serán requisitos mínimos de tódolos aspirantes a esta contratación, e deberán achegar no prazo de





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

presentación de instancias a documentación que acredite o seguinte:

- a) Ter nacionalidade española ou ser nacional de outros Estados conforme aos artigos 56 e 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.
- c) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- d) Ter a capacidade funcional, así como a capacidade física necesaria para o desenvolvemento das tarefas, extremos que deberán acreditarse mediante a presentación de informe médico ou certificado médico (que deberá ser achegado xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, ou no seu caso antes da sinatura do contrato).
- e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Acreditar certificado de escolaridade, ou equivalente e/ou posuir a habilitación requirida para o posto de traballo a desempeñar, acreditado mediante certificado de empresa, documentos de cotización, contratos de traballo, vida laboral ou nómina.
- g) Segundo o artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na administración pública, incluírase un exame de galego, agás para aqueles aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 1 ou Iniciación á lingua galega como mínimo. (Requisito que deberá acreditar coa presentación da copia do mesmo).

Os presentes requisitos se entenderán referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

**3º.- Duración e tipo de contrato:**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es>.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O contrato de traballo, será de duración determinada de tres meses a contar dende o primeiro día de alta dos traballadores.

A xornada laboral será a tempo parcial (25 horas/semana), podendo ser o horario continuo ou en xornada partida; en todo caso será o establecido polo responsable de persoal, coa autorización do alcalde - presidente.

**4º.- Retribucións:**

As retribucións estipuladas para os peóns das cuadrillas de limpeza de praias, serán 572.36 euros/mes, brutos (incluído tódolos conceptos salariais e pagas extraordinarias)

**5º.- Presentación de instancias e admisión de aspirantes:**

As instancias solicitando participar no proceso selectivo se dirixirán ao sr. Alcalde do Concello da Laracha, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria na páxina web e no taboleiro de anuncios.

As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como a través da Sede electrónica do Concello da Laracha ([sede.alaracha.es](http://sede.alaracha.es)).

No caso de non ser presentado no rexistro municipal, os aspirantes deberán remitir un fax (981606331) ou un e-mail ao seguinte: [concello.laracha@fegamp.gal](mailto:concello.laracha@fegamp.gal), coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

Xunto á instancia tamén se presentará a seguinte documentación:

- \* A fotocopia do DNI.
- \* A fotocopia do documento que acredita a titulación mínima esixida ou equivalente ou documentación equivalente.
- \* A fotocopia do Gelga 1 ou certificado de iniciación (no seu caso).





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

\* O informe médico (este poderá presentarse no momento de presentación de instancia con resto da documentación ou obrigatoriamente, antes da firma do contrato unha vez rematado o proceso, e sempre que o aspirante sexa un dos seleccionados)

\* o xustificante do pagamento da taxa por dereito de exame que será de 8 euros que poderá ser efectuada en calquera das seguintes contas:

ABANCA:	ES20. 2080. 0079. 9231. 10000015
LA CAIXA:	ES08. 2100. 4912. 2122. 00004416
BANCO PASTOR:	ES10. 0238. 8126. 1606. 60000173

Segundo o artigo 4º da Ordenanza fiscal nº 23 do Concello da Laracha, pola que se regula a taxa por dereitos de exame, estarán exentas do pagamento da taxa as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente), e aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, cando menos, dun mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas (para o que deberá presentar o documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente).

A documentación poderá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; se presumira documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

**6º.- Criterios para a selección dos candidatos:**

Sistema de selección: A selección do persoal que formará as cuadrillas realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de oposición:

**Fase de oposición** (máximo 10 puntos):- eliminatoria  
proba práctica:

Consistirá na realización dunha proba práctica de manexo de desbrozadoras, rastrillo e outros





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

instrumentos necesarios para o desempeño da labor de limpeza de praias , rúas e accesos ás mesmas.

- \* Por limpeza do areal con rastrillo, pincho e demais utensilios necesarios ata un máximo de 3 ptos.
- \* Por limpeza con desbrozadora ata un máximo de 4 ptos.
- \* Por limpeza con gabillo ata un máximo de 3 ptos.

Nesta proba valorarase o tempo empregado, a destreza, as medidas preventivas necesarias para levar a cabo unha labor óptima, e demais actuacións relativas ao desenvolvemento destas tarefas.

É necesario sacar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos para superar esta proba

### **Entrevista curricular** (máxima 1 punto)

Realizarase a entrevista persoal curricular (artigo 61 do TR Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 5/2015) será persoal e individual con cada candidato e versará sobre as tarefas e os cometidos do persoal encargado das limpeza de praias. Esta entrevista é optativa para o tribunal.

### **Proba de galego.** Eliminatoria ( Apto/Non Apto)

Posteriormente se publicará a nova acta do tribunal cos aspirantes aprobados e coas súas puntuacións; así como a data de realización da proba de galego. No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 1/iniciación ou similar deberán facer o exame.

O exame consistirá na traducción directa dun texto elixido polo tribunal do castelan para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos

**Procedemento de selección:** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde, mediante resolución aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, así como o nomeamento do tribunal. Dita resolución será definitiva de non haber excluídos, e será exposta no taboleiro de edictos do Concello, na web municipal, así como na sede electrónica do Concello, relacionándose os aspirantes excluídos coa indicación da causa de exclusión (no caso de non haber excluídos a lista provisional pasará a definitiva), convocándose á data da fase de oposición. Na resolución da lista definitiva tamén se indicará lugar, día e hora de realización da oposición.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións e correccións, que poderán ser presentadas con arranxo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que aprobe a lista definitiva, que publicárase na mesma forma. En caso de non presentarse as alegacións no rexistro do concello, deberá presentarse en prazo polo aspirante fax, tal e como indica para a instancia a Base 5º. Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva do aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Realizarase primeiro a fase de oposición que ten carácter obrigatorio, e a non presentación será motivo de exclusión definitiva. O tribunal publicará nos medios sinalados a acta da oposición e fixará na mesma a data, o lugar e a hora da entrevista.

Os aspirantes serán convocados para a entrevista nun único chamamento, sendo excluídos/as os que non comparecesen, salvo nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “G”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda para este ano 2018, en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento.

Os membros do tribunal poderán nomear colaboradores do tribunal.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña  
Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331  
Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413  
C.I.F. P-1504200-E  
[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Rematado o proceso de cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica, ás puntuacións definitivas, coa proposta de selección dos nove aspirantes que deberán ter superado a proba de oposición que acadaron a maior puntuación.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na entrevista, xa que a proba de galego de ser necesaria non puntúa; será calificada con apto ou non apto.

Non poderán propoñerse máis de nove candidatos/as, aínda que có resto de solicitantes non seleccionados/as se elaborará unha relación de reservas, por orden de puntuación, de maior a menor, por si fose preciso cubrir posibles baixas ou renuncias, válida para o presente ano e mesmo posto de traballo.

**7º.- Tribunal cualificador da selección:**

1.- O tribunal cualificador designado pola alcaldía - presidencia (en virtude do artigo 21.1.g) de 7/85 de 2 de Abril reguladora das Bases do Réxime Local), e en base ao establecido polo TR Lei 5/2015 , Estatuto Básico do Empregado Público, será designado por Decreto de Alcaldía, no momento de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Os vocais deberán ter titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás praza convocadas.

2.- O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.

3.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 de Lei 40/2015 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos







**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

casos non previstos polas mesmas.

5.- O alcalde, vista a proposta de selección do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

**8º.- Formalización dos contratos:**

A proposta del tribunal cualificador se elevará a Alcaldía - Presidencia, para a resolución do expediente de selección, unha vez os aspirantes seleccionados teñan presentado toda a documentación pendente, de ser o caso, que terá que ser presentada no prazo máximo de tres días hábiles dende a publicación da proposta do tribunal

A resolución do expediente de selección levarase a cabo mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

A formalización dos contratos laborais cos aspirante seleccionado será competencia do Sr. Alcalde - Presidente; os/as aspirantes deberán incorporarse ao seu posto de traballo no prazo máximo de cinco días, dende que sexan requiridos para elo.

Asinado dixitalmente polo sr. Alcalde, José Manuel López Varela, do que eu secretaria, Cristina Castro Fuentes, dou fe.

